

ITINERARIO LECTOR 6º B

CONTA NOVE ESTRELAS

de ANDREA MACEIRAS

No curso 2025/2026, o alumnado de 6ºB lemos como proposta do itinerario lector a obra de Andrea Maceiras, CONTA NOVE ESTRELAS.

Comezamos esta aventura cunha **LECTURA COMPARTIDA** na aula, dentro da Hora de Ler. Durante o primeiro trimestre, puidemos viaxar con Quepi e os seus amigos a través da Galaxia Oma para salvar ao seu Bobó e atopar o seu lugar no universo. Isto permitiunos ir reflexionando sobre aquilo que é diferente e que tendemos a rexeitar por medo e por descoñecemento. A historia de Quepi, aínda que estivera a millóns de anos luz, non é tan diferente a que podemos vivir calquera de nós no día a día, na escola, na nosa casa, ...



E AGORA QUE?

Por que non investigamos sobre o Universo? Sobre as estrelas?


E así comezou a segunda etapa desta aventura. En parellas, escollemos unha **CONSTELACIÓN** e puxémonos mans á obra. Buscamos información sobre elas, utilizando libros, internet...

CONSTELACIÓNS


O primeiro paso é saber o que é unha **CONSTELACIÓN**. Logo, imos a coñecer máis sobre algunha delas. Para iso, segue estes pasos:

- 1º. Escolle unha das constelacións que aparecen na lista.
- 2º. **BUSCA INFORMACIÓN** sobre a que escolliches. Para iso, emprega internet e libros de consulta.
- 3º. Recolle os seguintes datos:
 - Nome oficial en latín
 - Hemisferio dende o que a podemos ver
 - Mellor mes do ano para vela
 - Número de estrelas que a forman
 - Orixe do seu nome
- 4º. Crea un **PROXECTOR** coa túa constelación (Segue as instrucións)
- 5º. Proxecta a constelación e **EXFÓN** ás compañeiros e compañeiros todos os datos que atopaches.

QUE A FORZA VOS ACOMPAÑE!




* FÉNIX



- Nome en Latín: Phoenix
- Pódese ver dende o hemisferio norte (Sudáfrica, Australia, Sudamérica)
- Os mellores meses para vela son entre maio e abril
- A constelación contén 7 * estrelas visibles
- Provédo do grego


LIRA

- NOME OFICIAL EN LATÍN: LYRA.
- HEMISFERIO CON MÁIS VISIBILIDADE: N
- MELLOR MES DO ANO PARA VELA: AGOSTO.
- NÚMERO DE ESTRELAS QUE A FORMAN: 5
- ORIXE DO SEU NOME: FAI REFERENCIA AO ANTIGO INSTRUMENTO MUSICAL.




O Delfín

- Nome en Latín: delphinus.
- Hemisferio: hemisferio norte celeste.
- Mellor mes do ano: setembro.
- Nº de estrelas: 44 estrelas.
- Orixe do seu nome: a orixe do seu nome é unha mezcla da mitoloxía grega, pola súa forma.



VIRGO


- NOME EN LATÍN: Virgo.
- HEMISFERIO DENDE O QUE A PODEMOS VER: Sur, aínda que a podemos ver dende ambos hemisferios.
- MELLOR MES DO ANO PARA VELA: Abril, maio e principios de xuño.
- NÚMERO DE ESTRELAS QUE A FORMAN: 169 estrelas visibles a simple vista.
- ORIXE DO SEU NOME: Provédo do latín, onde significa "virxe" ou "doncela"



E unha vez rematadas as nosas pesquisas, chegou o momento de "traer as estrelas" ao Agro do Muíño. Para iso, creamos uns **PROXECTORES DE CONSTELACIÓNS**, empregando material de refugallo e unhas lanternas.



E depois de todo este traballo, só nos quedaba **COMPARTILO**. E aquí deixamos voar a imaxinación e a creatividade e este foi o resultado:



**SE DESEXADES UNHA VIAXE ESPACIAL CHEA DE AVENTURAS,
DE AMIZADE VERDADEIRA E DE VALENTÍA PARA LOITAR COS
PROPIOS MEDOS, ESTE É O VOSO LIBRO!**